



INFORMACIÓN XERAL

Roteiros medioambientais GUIADOS: coñece o teu Concello e arredores.

Concellería de Educación (Soutomaior)

Obxectivos: coñecer os valores medioambientais do noso Concello da man dunha guía. Promover o senderismo como medio para estar en forma e aprender un pouco máis sobre a natureza e patrimonio que nos rodea. Educar en valores de respecto e coidado á natureza.

O calendario de roteiros é o seguinte:

Roteiro 1 : "Con sabor salgado"

Breve descrición: 5.5 kms. Dificultade media; desnivel moderado. Neste roteiro achegaremos máis ao mar do que o viñamos facendo nos anteriores porque no Concello temos variedade de ecosistemas. sobre os que aprender e coñecer os seres vivos asociados a el,

Ferramentas: por deterrnimar **Hora:** 10:30 - 13:30 **Inicio:** Multiusos de Arcade

Datas:

Grupo 1 - 29 DE XANEIRO de 2017 (completo)

Grupo 2 – 5 DE MARZO de 2017

Roteiro 2 : "Fervenza do Inferno"

Breve descrición: 7.5 kms. Dificultade media; desnivel suave. En todo momento está presente o noso imponente río Verdugo. Falaremos das especies alóctonas e tamén teremos ocasión de gozar zonas de carballeira. E como colofón, chegaremos a unha fervenza. En diferentes puntos do camiño teremos "caches" agochados, por iso recomendamos descargarse a App no móbil.

Ferramentas: Xeocaching **Hora:** 10:30 - 13:30 **Inicio:** Ponte Medieval (Enlace:

<https://goo.gl/maps/XzMvhGUJeHu>)

Datas:

Grupo 1 - 19 DE FEBREIRO de 2017 (completo)

Grupo 2 – 12 DE MARZO de 2017

Roteiro 3 : "Outra ollada á Peneda"

Breve descrición: 5.1 kms. Dificultade media; desnivel medio. Subiremos á Peneda e a algún outro monte próximo Ten desnivel pero a distancia non é moita. É apta para todos os públicos. Coñeceremos detalles históricos e naturais da Peneda e gozaremos dunhas vistas privilexiadas .

Ferramentas: códigos QR e mapas para poder averiguar o noso camiño.

Hora: 10:30 - 13:30 **Inicio:** onde se bifurcan o camiño do Castro e a estrada que sube á Peneda (Enlace <https://goo.gl/maps/Enm1JpVXA952>). O lugar ten capacidade para 5 ou 6 coches, pero hai mais aparcamento nos arredores. Aínda así se recomenda compartir coche.

Datas:

Grupo 1 - 26 DE MARZO de 2017 (completo)

Grupo 2 – 9 DE ABRIL de 2017



Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA

Inscripcións previa nos roteiros: ata 5 días antes de cada roteiro na OMIX - Multiusos (Arcade) ou ata cubrir prazas. **Máis información no teléfono 986 700 822**

IMPORTANTE: Recordamos que os/as guías son titulados/as e a actividade realizarase baixo unha póliza de R. Civil e accidentes derivados da organización do evento pero non dos accidentes provocados por outros motivos. Si se produce algún cambio na organización comunicarémolo o antes posible a cada participante.

Material necesario:

- Calzado de monte/montaña. Moi recomendable con protección á auga.
- Roupa axeitada ao día: chubasqueiro, pantalón de auga, paraugas,... (se chove); pantalón de monte, polar, camiseta térmica (se fai frío).
- Unha pequena mochila con auga (1/2 l) + Froita (ou bocadillo)
- Móbil con batería e aplicación instalada de xeocaching ou de códigos QR